

# Guía didáctica

Os sons  
da  
Historia

M<sup>a</sup> Esther  
Fernández  
Pérez

Licenza por formación  
Curso 2021-22

# Índice

|   |   |
|---|---|
| Índice  | 1 |
| Descrición do contido do recurso.                       | 2 |
| Obxectivos educativos                                   | 3 |
| Aspectos curriculares tratados.                         | 3 |
| Metodoloxía e orientacións didácticas.                  | 4 |
| Actividades que se propoñen e os recursos de avaliación | 5 |

## Descrición do contido do recurso.

Este proxecto nace coa idea de proporcionar ao profesorado unha serie de Unidades Didácticas Integradas con recursos que permitan afrontar todo o contido do currículo da materia de Música de 3º da ESO.

Preséntase nun curso Moodle completo restaurable e totalmente funcional tanto no EVA de Edixgal como en Aula Virtual.

Ademais de traballar o contido puramente de análise histórico musical, os materiais elaborados neste proxecto tamén proporcionan ao profesorado ferramentas para traballar na aula a interpretación musical en base á música de cada época histórica.

Elaboranse tarefas e probas que permiten ao profesorado facer a avaliación do alumnado utilizando rúbricas e guías de corrección ademais de cualificación directa dos propios recursos creados. Algunhas das tarefas propostas están pensadas para que o alumnado elabore un produto para o cal traballará con ferramentas que ten instaladas no seu propio ordenador Edixgal como son o editor de partituras Musescore.

Destacamos a utilización dos recursos e actividades propias do Moodle, que non dependen de webs externas, é o caso da ferramenta H5P que está instalada nas aulas virtuais dos centros e que permite elaboración de actividades e creación de recursos de deseño atractivo e con interactividade.

Por outra banda atopamos a seguinte dificultade. Para elaborar estes materiais seguíronse as instrucións en canto ao uso de material audiovisual e multimedia. Isto impediu que se puidese incluír moita música en formato audio ou vídeo xa que non se atopan este tipo de recursos libres para o seu uso. O obxectivo inicial destes materiais era traballar moito máis con música, vídeos interactivos, etc pero ao non habelos con licenza axeitada non se puido facer.

## Obxectivos educativos

- ♪ Dotar ao profesorado de todo o contido necesario para abordar a materia de música de 3º da ESO co apoio da aula virtual e/ou EVA **sen necesidade de empregar libro** de texto.
- ♪ **Utilizar o equipamento Edixgal** do alumnado empregando os programas instalados de maneira que sexan ferramentas de traballo que melloren a competencia dixital do alumnado así como desenvolvan metodoloxías activas de creación de produtos.
- ♪ Practicar con arranxos musicais baseados no **repertorio da música ao longo da historia**.
- ♪ Facilitar o traballo sobre a lectura e a escritura da linguaxe musical grazas á **interpretación** dos arranxos propostos, así como a mellora constante na interpretación e a constancia na práctica.
- ♪ **Traballar con arquivos de audio** e/ou vídeo nos que se reproduzan músicas gravadas para que o alumnado poda escoitar as partes das pezas que se practicarán en grupo.
- ♪ Utilizar de **programas de edición musical** que poidan ser empregados tanto polo profesorado como polo alumnado para reproducir, secuenciar e editar os arranxos proporcionados.

## Aspectos curriculares tratados.

Durante a elaboración desta licenza produciuse a publicación do Anteproxecto do Decreto do currículo da educación secundaria obrigatoria. Este novo currículo contén obxectivos, criterios de avaliación e contidos e non se traballa dende estándares de aprendizaxe.

Este recurso adáptase aos seguintes obxectivos xerais de etapa do novo proxecto:

OBX1. Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.

OBX3. Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.

OBX5. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.

En canto aos criterios de avaliación trabállanse todos os criterios propostos para este 3º curso da ESO.

## Metodoloxía e orientacións didácticas.

O recurso está dividido en 7 unidades didácticas.

A primeira delas serve de toma de contacto, aloxa un glosario xeral de termos e cuestións de linguaxe musical que serán necesarias para que o alumnado poda enfrontarse ao resto de contidos.

As 6 unidades seguintes céntranse nos contidos propios do curso.

Cada unidade comeza coa exposición dunha peza da que se poden extraer as características da época á que pertence. Suxírese facer unha audición e choiva de ideas sobre ela. Partindo dese coñecemento previo desenvolverase o resto da materia.

O curso favorece o traballo por pequenos proxectos según a época histórica que se está tratando, propoñendo unha tarefa final coa que se pode traballar de xeito cooperativo.

As prácticas instrumentais facilitan o desenvolvemento das competencias relacionadas co emprendemento e coa colaboración na aprendizaxe colectiva. Preséntanse con adaptacións a varias voces ou instrumentos procurando que cada vez sexan un pouco máis complexas tendo en conta o avance do alumnado. Procurouse que algunha das voces fose sempre máis sinxela para integrar ao alumnado con dificultades neste aspecto.

Os contidos están elaborados con ferramentas propias da aula virtual polo que activando o modo edición o profesorado pode editalas, modificalas, eliminalas, etc.

## Actividades que se propoñen e os recursos de avaliación

En todas as unidades atopamos as seguintes actividades ou recursos:

### **Esquemas da unidade.**

Están pensados para axuda inicial do desenvolvemento do contido e como apoio ao estudo do mesmo.

### **Liña temporal.**

Presentan compositores e compositoras da época así como algún feito histórico relevante.

Neste caso tamén se pode propoñer que o propio alumnado constrúa esta liña dándolle permiso de edición.

### **Contido para estudo**

Aquí preséntase o contido propio da unidade. Utiliza imaxes, presentacións, imaxes interactivas, audios e vídeos.

Ao final do contido aparece unha autoavaliación onde o propio alumnado pode valorar se entendeu o traballado. En cada autoavaliación hai ao redor de 20 preguntas, o profesorado pode elixir se quere amosalas todas ou non. A propia actividade amosa o resultado acadado ao alumnado e deixa rexistro que o docente pode ter en conta na avaliación..

### **Audicións**

Elabórese unha plantilla xeral para traballo de audición, esta atópase no apartado almacén. Despois adaptouse a cada audición seleccionada elixino as preguntas máis axeitadas e configurando as respostas. Pode reutilizarse as veces que se queira e ampliarse o número de audicións. Tamén utiliza cuestións autoavaliáveis que amosan retroalimentación ao alumando e deixa rexistro para o docente.

### **Contido de ampliación e reforzo**

Preséntase un encrucillado como reforzo, é avaliado pola plataforma e dalle retroalimentación ao propio alumno e información ao docente. Nalgunha das unidades propónse unha tarefa de máis complexidade para suxerir ao alumnado máis avanzado, estas tarefas tamén se poden adaptar para elaborar de xeito colaborativo atendendo á diversidade do alumando.

### **Práctica instrumental**

Preséntase un vídeo coa partitura e audio da peza, audios individuais para facilitar a práctica de cada voz así como as particellas. Están feitas co musescore.

Facilítase unha rúbrica para avaliar esta práctica pero non deixa de ser unha suxerencia, cada docente pode elixir se a usa ou non, por iso non está integrada como tarefa.

### **Avaliación**

No banco de preguntas hai 116 cuestións categorizadas por épocas listas para ser usadas. A modo de exemplo creouse unha proba en cada unidade con 10 preguntas que se seleccionan de xeito automático do banco de preguntas. Hainas de elección múltiple, arrastrar, elección simple ou combinadas. Poden utilizarse, editarse, eliminalas ou crear outras. Estas probas son autoavaliáveis pola propia plataforma e pódense configurar atendendo ás necesidades do alumando ao que se lle teña que adaptar o instrumento de avaliación: unha pregunta por páxina, máis tempo nas respostas, etc.